

Nome do alumno/a: _____ Data: _____



Exame de Ciencias da Natureza – Unidade 5 (5º EP)

1. Relaciona conceptos. (1 puntos; 0,25 cada un)

- | | |
|-----------------------------|--|
| A. Produtores | 1. Seres vivos que fabrican o seu propio alimento. |
| B. Consumidores secundarios | 2. Lugar do ecosistema onde viven os individuos dunha especie. |
| C. Descompoñedores | 3. Animais carnívoros ou omnívoros que comen herbívoros. |
| D. Hábitat | 4. Fungos e bacterias que descompoñen materia orgánica. |

2. Contesta as preguntas. (1,5 puntos; 0,5 cada un)

- Menciona os espazos naturais que recordes: _____

- Por que son importantes os descompoñedores no ciclo da materia? _____

- Define ecosistema: _____

3. Indica de que tipo de ecosistemas é propio cada característica. (1 puntos; 0,25)

	Ecosistema con ciclo da materia incompleto e medio físico formado por estruturas construídas polo home.
	Os produtores son principalmente plantas herbáceas de pequeno tamaño e os consumidores inclúen animais de pastoreo, animais que viven en tobos, aves e depredadores.
	Ecosistema mixto cunha elevada biodiversidade. Os produtores poden ser plantas e algas e os consumidores poden vivir dentro ou fóra da auga.
	O medio físico está formado principalmente por auga procedente de ríos ou regatos que se acumula en zonas deprimidas. Neste ecosistema encontramos plancto, algas, plantas e animais moi variados.

	Ecosistema terrestre con grande biodiversidade. Os produtores son variados e inclúen árbores.
--	---

4. Indica se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F) e explica o por que en caso de que sexan falsas. (1,2 punto; 0,2 cada un)

Entre os seres vivos, só os produtores son capaces de fabricar o seu propio alimento. V / F

Os consumidores non fabrican o seu propio alimento, nótrense consumindo aos produtores. V / F

Os descompoñedores poden fabricar o seu alimento. V / F

A través das relacións alimentarias, a materia e a enerxía móvense polos elos dos ecosistemas. V / F

A materia recíclase unha e outra vez dentro dos ecosistemas. V / F

A enerxía incorpórase nos ecosistemas grazas aos produtores. V / F

5. Rodea a opción correcta. (1 puntos; 0,25 cada un)

Con que obxectivo se crean os espazos naturais? - Para conservar os ecosistemas. - Para protexer as especies. - As dúas opcións anteriores son correctas	Mediante cal dos seguintes procesos se incorporan a materia e a enerxía aos ecosistemas? - Respiración - Fotólises - Fotosíntese - Metabolismo
Cal das seguintes opcións é un exemplo donde ambas especies saen beneficiadas? - Un león cazando unha gacela. - Un paxaro limpando os dentes dun crocodilo. - Unha lamprea alimentándose do sangue dun peixe. - Unha enredadeira usando unha árbore como soporte, sen causarlle dano.	Nun ecosistema mariño, que interacción ocorre cando unha rémora se adhire a un tiburón para desprazarse sen gastar enerxía, sen afectar ao tiburón? - A rémora benefíciase e o tiburón tamén. - O tiburón benefíciase e a rémora sae prexudicada. - A rémora benefíciase e o tiburón non recibe beneficio nin prexuízo. - A rémora e o tiburón compiten polo alimento.


6. Completa os ocos coa palabra que corresponda. (0.75 punto; 0,25 cada un)

_____ : conxunto de seres vivos moi semellantes entre si que poden reproducirse e ter descendentes coas súas mesmas características.

_____ : todos os seres vivos dun ecosistema pertencentes á mesma especie.

_____ : conxunto de varias poboacións dun ecosistema.

7. Coloca os tipos de ecosistemas no seu lugar correspondente no esquema (0,6 p)



8. Explica a imaxe e en que se diferencia cada un deles. (2 puntos)



